

LITTLE CRUSADER

[Václav Kadrnka, 2017]

326

PASE ÚNICO EN NUMAX: 08.01.2018 | V.O.S.E.

Krizáček (2017, 90')

Dirección: Václav Kadrnka

Guión: Václav Kadrnka, Vojtech Masek, Jirí Soukup, Jaroslav Vrchlický

Elenco: Karel Roden, Ales Bilík, Matous John, Jana Semerádová, Jirí Soukup

Son: Jan Cenek, Michael Mícek, Andrea Veselková

Montaxe: Pavel Kolaja

Fotografía: Jan Baset Stritezsky

Vestiario: Katarína Bielikova

Música: Vojtech Havel, Irena Havlová

Produtoras: Artileria, Sirius Films (República Checa)

Distribuidora: Václav Kadrnka

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Checo

FILMOGRAFÍA

Eighty Letters, 2011

The Life of Andrew Larver, 2007

PREMIOS E FESTIVAIS

Karlovy Vary 2017 (Mellor filme),

Sevilla 2017 (Sección oficial)

SINOPSE


O pequeno Janik, fillo dun cabaleiro, pon unha armadura para nenos e sae á aventura, aproveitando que seu pai dorme profundamente. O pai, un cabaleiro cuxos anos guerreiros quedaron atrás hai tempo, emprende inmediatamente a misión de encontrar a Janik e traelo de volta a casa. Só ten un retrato bordado do neno, co que vai preguntando aos descoñecidos cos que se cruza. A súa misión é imposible de cumprir nun mundo no que os pobos veciños están tan lonxe como os planetas.

«Un logro desafiante e críptico, as súas emocións son tan axustadas como o seu rigoroso aspecto visual»

Guy Lodge, VARIETY

VINDEGINE. O TEMPO DE MARTÍN CÓDAX A TRAVÉS DO AUDIOVISUAL

En colaboración coa Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia



“A actualidade fai que unha obra resulte efémera”

Coloquio co director Vaclav Kadrnka.
Festival Karlovy Vary 2017

O filme é unha adaptación flexíbel do poema épico de Jaroslav Vrchlicky *O pequeno cruzado de Svojanov*. Por que escolliches esta inspiración? O tema interésame. A ausencia do ser querido, o tema da dificultade e a busca, o amor paternal e o lazo paternal como unha expresión de graza.

O libro é unha oda romántica escrita para nenos, pero o personaxe principal non é o pequeno Jan senón seu pai Bořek, que vai á súa procura. Si, nese aspecto é estraño situalo como literatura infantil. O seu tema é a ausencia do neno e como afecta ao pai. En moitos aspectos o filme é fiel ao poema orixinal, mentres que noutros o sobrepasa, ampliando o seu alcance. É sempre necesario revitalizar o libro orixinal cando lle das unha nova forma. Non se debe facer unha simple copia. Cómpre atopar novos valores, prender novas luces.

O libro xoga coa idea do mito e da cruzada da infancia. Como traballaches con este tema? Tentamos evitar o tema actual da cruzada da infancia como motor narrativo e deixalo máis como símbolo cinematográfico. É

unha metáfora dos ideais do rapaz. Está no texto orixinal e fica por baixo do filme.

En que sentido o tema de *Little Crusader* pode resultar actual? A actualidade fai que unha obra resulte efémera. Unha obra de arte ten que ter sentido por si propia. Ten que ser un monolito e non aspirar a atinxir tópicos válidos para unha conxuntura social, política ou ideolóxica. O compromiso coa actualidade é algo particularmente desagradábel na arte, por moito que poida querer situarnos no lado correcto.

Dis que *Little Crusader* non se pode denominar como un conto medieval e non encaixa como relato naturalista. Daquela que é? A noción do naturalismo é sempre transitoria. A idea popular de naturalismo é diferente nos anos 30 da que foi nos 60 ou da que é hoxe. É flutuante, un valor externo ao propio cinema. O naturalismo é simplemente un efecto, outro enxeño cinematográfico. Se *Little Crusader* é quen de contactar con temas sociais e políticos contemporáneos é porque foi quen de conectar con temas atemporais e arquetípicos. Finalmente *Little Crusader* é unha obra cinematográfica.

Optaches polo formato 4:3, a que se debe? O formato pequeno reforza o efecto túnel, e esa é a razón pola que evitei amosar o ceo na primeira parte do filme. Planos estáticos, mínimos movementos de cámara e imaxes conxeladas son as favorecidas polo formato pequeno. Quixen crear un túnel

que recalcase o estado mental do pai, a súa soidade e ansiedade. Deixei deliberadamente máis espazo sobre a súa cabeza, como se levase un gran peso sobre os seus ombreiros.

Nota de intención do director

Little Crusader incorpora o conflito interior do pai ante a desaparición de seu fillo. O neno marcha na procura dunha ilusión, que ten máis a forma dun mito ou lenda ca unha base real, e do mesmo xeito o pai só atopa pistas, ecos e relatos da súa presenza. O filme gradualmente revela o obxectivo da viaxe do rapaz e permite, ao mesmo tempo, que o seu pai tome conciencia dos pensamentos do fillo. O misterio e o símbolo son cruciais en termos cinematográficos. A literalidade e o realismo camiñan en contra do filme. Por iso evítanse os flashbacks en favor das pistas e as pegadas. O medo apodérase da mente do pai e pon a proba a súa imaxinación (e a do público). Logo de todo o que sucedeu que nos pode agardar aínda? O filme perde de vista o neno e viaxa co pai na súa compilación de historias de dubidasas testemuñas. Deste xeito unha historia silenciada agroma alén do poema.

Textos extraídos do pressbook oficial do filme
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete
e ven sempre
por
4,5€

**Fai
NUMAX!**